



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Lingua Inglesa e os seus Usos 2	Código	613G03037	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Inglesa			
Coordinación	Woodward Smith, Elizabeth Anne	Correo electrónico	elizabeth.woodward@udc.es	
Profesorado	Herrero Villapalos, Rosa Woodward Smith, Elizabeth Anne	Correo electrónico	r.villapalos@udc.es elizabeth.woodward@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Ampliación do estudo normativo da lingua inglesa. Elaboración e análise de textos oral e escrito de diferentes ámbitos			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A18	Dominar a gramática da lingua inglesa.
A20	Coñecer a variación lingüística da lingua inglesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B8	Apreciar a diversidade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
O alumno terá desenvolvido unhas estratexias para a consolidación dos coñecementos adquiridos en ambas as dúas partes de Lingua Inglesa e os seus Usos (1/2).		A6 A9 A15 A18	
O alumno saberá manexar os significados metafóricos axeitadamente, tanto a nivel comprensivo coma na expresión.		A3	B1 B4 B6 B8
O seu dominio dun vocabulario xeral terase enriquecido coa adquisición de vocabulario máis especializado. O estudo individual autónomo e a autocrítica son esenciais neste nivel, e o alumno debe recordar o seu papel e responsabilidade no proceso de aprendizaxe/ensino do cal forma parte.		A20	B3 B5 B6 B8



Ao finalizar esta materia, o alumno debe ser competente nas catro destrezas lingüísticas, ademais de posuír os coñecementos teóricos necesarios para saber explicar os usos da lingua inglesa, cun nivel mínimo de C1, achegándose a C2.	A6	B1
	A9	B3
	A15	B4
	A18	B5
	A20	B6

Contidos	
Temas	Subtemas
Metáforas relacionadas coas prantas e árbores; o medio ambiente. (ver libro de texto indicado na Sección 8 "Fontes de Información").	As partes das prantas en usos metafóricos; verbos relacionados co crecemento. Colocacións.
As autoridades--a aduana e a policía. A historia.	Vocabulario relacionado coas aduanas, a inmigración, a policía de tráfico, etc. Vocabulario relevante para o estudo da historia.
A linguaxe da xustiza A guerra e a paz. 1ª Guerra Mundial	Verbos, crimes, adxectivos con significados específicos no ámbito do dereito, de uso cotidiano. As actitudes cara a guerra; metáforas dos enfrontamentos. Cartas desde as trincheiras.
Os medios: a palabra escrita	Características dos titulares; vocabulario impactante; xogos de palabras. Seccións da prensa, tipos de publicacións; periodismo, a recollida de noticias. Os anuncios.
O deporte, a dieta, a saúde Espazo e falta de espazo	Vocabulario e metáforas do deporte, a dieta, a saúde. Expresión de amplitude e estreiteza.
O tempo. O movemento. O comportamento, xeito; ruído, son; peso e densidade Cor e intensidade Velocidade	Secuencia e duración; expresións coloquiais; refráns relacionados co paso do tempo. Matices da velocidade e o movemento; verbos/adxectivos; usos non literais. Dende o silencio ao estrondo; frases coloquiais Sinónimos de peso; usos metafóricos. Cores específicas, connotacións
Causa e efecto. Comparar e contrastar. Dificultades e dilemas. Modalidade	Verbos que expresan unha causa e as súas colocacións. Como expresar a similitude e a diferenza. Substantivos e adxectivos relacionados coas dificultades de distinta envergadura. Verbos modais para expresar feitos, opinións, desexos, probabilidade, consellos, obriga.
Expresiones poco precisas. Tipos de frases idiomáticas.	Expresiones numéricas aproximadas; usos coloquiales para quitar importancia. Frases idiomáticas relacionadas con las personas, anécdotas, informes, cuentos...
As queixas e protestas, desculpas, reconciliación, loanzas, promesas, apostas. Formas de falar.	Queixa formal e informal. Colocacións. Desculpas formais/legais; facer as paces, prometer e xurar; apostar. Formas de expresar o volume no fala.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A15 B5	21	26.25	47.25
Traballos tutelados	A3 A18 B1 B3 B6	14	17.5	31.5
Proba oral	A6 A9 B4	2	16	18
Discusión dirixida	A6 A15 A18 B8	7	5.25	12.25
Proba mixta	A6 A9 A15 A18 A20	2	36	38
Atención personalizada		3	0	3



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras, explicacións, exemplos e orientacións para o mellor aproveitamento do material; uso do libro básico de texto, ademais de textos escritos e audiovisuais adicionais.
Traballos tutelados	Tareas escritas sobre diversos temas relacionados co que se traballa na aula. Resumos e presentacións.
Proba oral	Entrevista individual ou por parellas, ou ás veces en grupos de tres. Comprensión e expresión; os alumnos deben demostrar destrezas comunicativas, e interacción cos seus compañeiros e profesores. Non deben estar calados esperando que se lles pregunte, senón deben ofrecer ideas, opinións, información, etc..
Discusión dirixida	Destrezas de argumentación oral; role-play; fluidez, traballo colaborativo.
Proba mixta	Comprender distintos tipos de exercicios; discriminar usos e significados; explicar diferencias de uso; transformar oracións.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Traballos tutelados	<p>Preparación e comentario dos traballos a presentar.</p> <p>Interacción grupal e individual para mellorar o rendemento.</p> <p>Tanto a profesora como o/a lector/a están dispoñibles durante as horas de titoría semanais para resolver problemas ou ofrecer suxestións. Fóra destas horas tamén poden contactar connosco por correo electrónico.</p> <p>Existe unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o desexe pode falar coa profesora Ana Veleiro para acadar máis información ou poñerse directamente en contacto coa ADI en http://www.udc.es/cufie/uadi/. Tamén no teléfono 5622 ou na dirección de email adi@udc.es</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba oral	A6 A9 B4	Entrevista individual ou por parellas (ou en grupos de tres); preguntas de comprensión; demostración de destrezas comunicativas, interacción cos compañeiros; expresión de opinións, vantaxes, preferencias, etc.	25
Proba mixta	A6 A9 A15 A18 A20	Comprender distintos tipos de exercicios; discriminar usos e significados; explicar diferencias de uso; transformar oracións.	50
Traballos tutelados	A3 A18 B1 B3 B6	Tareas escritas sobre temas diversos relacionados co que se traballa na aula. Resumos e presentacións.	25

Observacións avaliación



1. Entrega de traballos

tutelados (tarefas escritas): 30 de outubro, e 30 de novembro de 2015. É necesario entregar ambos os dous traballos especificados polos profesores para poder optar a que se sumen o resto das notas.

Penalizaranse os traballos entregados tarde sen xustificación axeitada.

2.

Terás que asinar en cada sesión (grupo grande, interactiva e reducida).

A asistencia regular é un indicador do interese pola materia, á parte de ser necesaria para poder progresar.

3. Proba mixta: data aprobada por Xunta de Facultade para o curso 2015-16 (primeira oportunidade ao finalizar o cuadrimestre). Esta data non é negociable.

4. A segunda oportunidade, en xullo, segundo o calendario aprobado por Xunta de Facultade,

consistirá en repetir la(s) parte(s) da avaliación non aprobada(s). Se o

alumno suspende a parte dos traballos tutelados, debe presentar DOUS NOVOS traballos. As especificacións publicaranse en Moodle, con datas de entrega durante o segundo cuadrimestre, e antes do comezo do período de exames. O exame oral da segunda oportunidade realizarase en XUÑO, é dicir, antes da fecha do exame escrito.

5.

A oportunidade de xullo non é para mellorar nota nas partes da avaliación xa aprobadas; soamente é para recuperar la(s) parte(s) non aprobada(s).

6. Non se pode superar a

materia sen aprobarcada unha das partes descritas da avaliación cunha

cualificación mínima de 5 puntos

sobre 10.

7. As datas para a entrega

de tarefas e para a realización do exame oral deben respectarse;

calquera incidencia que impide cumprir cos requisitos debe xustificarse documentalmente.

8. Obterá unha cualificación de "non presentado"

aquel/a estudante que non se presente a ningunha das dúas probas (a

proba mixta e a proba oral) e que tampouco realizase os traballos

tutelados.

9. Aqueles alumnos que oficialmente fosen matriculados a

tempo parcial, e que posúan unha dispensa académica, tal e como

establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados

en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a

segunda oportunidade de xullo.

10. Os alumnos/ás que suspendan na

primeira oportunidade e non se presenten á segunda oportunidade de

xullo terán a nota de suspenso.

11. Para máis detalles, véxanse --Recomendacións--.

Fontes de información

Bibliografía básica	- McCarthy, M. and F. O'Dell. (2002). English Vocabulary in Use. Advanced. ISBN. 978-0-521-67746-2. Cambridge: CUP Este libro é de uso obrigatorio nas aulas de Docencia Expositiva. Trátase do mesmo libro usado en Lingua Inglesa e os seus Usos-1.No presente curso utilizaranse novos capítulos deste libro (véxanse --Contidos--).
Bibliografía complementaria	- Cory, H. (1999). Advanced Writing with English in Use.. Oxford: OUP - Mansfield, F. & C. Nuttall (2007). Proficiency Practice Tests. With Key. London: Thomson ELT

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase a asistencia e participación na aula, para estar ao día no estudo, e a realización de tódalas tarefas asignadas dentro dos prazos indicados. A firma será necesaria como proba de asistencia en cada clase. A asistencia controlada é un indicador do nivel de interese e implicación do alumno. A asistencia á clase facilita unha mellor comprensión da materia, adquisición das competencias grupais e individuais, aprendizaxe continuo, a interacción directa con outros alumnos e alumnas ou a posibilidade dunha metodoloxía docente-discente mais participativa. Cabe recordar que a UDC é unha universidade presencial, polo que a asistencia as clases é obrigatoria. Nos casos considerados na normativa da universidade, os alumnos poderán solicitar exención oficial da docencia. Usaremos unicamente o correo oficial da UDC para comunicarnos con alumnos individuais, así que se recomenda comprobalo a miúdo. Outros anuncios importantes aparecerán en Moodle. As datas para a realización das probas orais anunciaranse coa antelación suficiente, e serán expostas en Moodle. Recoméndase consultar os avisos nesta plataforma virtual con asiduidade. Non asistir á proba oral na data anunciada supón perder a primeira oportunidade para esta parte da avaliación. Polo tanto, o alumno só lle quedará a oportunidade de xullo para realizala. Calquera circunstancia que impida asistir a esta proba debe comunicarse á maior brevidade. Os alumnos Erasmus teñen que axustarse ao calendario académico da UDC, e non ao da súa propia universidade. Polo tanto, non se poden programar exames para coincidir coas peticións individuais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías